



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Por Decreto da Alcaldía do día de hoxe resolveuse modificar a estrutura do Goberno da Cidade, incorporando un membro máis ao executivo municipal, procedendo á súa designación como membro da Xunta de Goberno Local e delegándolle funcións executivas e administrativas que contribúan á acción de goberno.

O anterior afecta á estrutura executiva acordada por Decreto 3847/2019 do 26 de xuño (BOP nº 124 do 3 de xullo de 2019), que presenta un deseño, asentado nos principios de eficacia, economía, eficiencia, coordinación e goberno integrado, coa finalidade de dar resposta ás altas esixencias do exercicio do goberno local, dando á cidadanía unha resposta áxil e unha actuación regular e transparente da Administración local.

Polo anterior, de conformidade e co disposto nos artigos 122 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o apartado Primeiro do Decreto 3847/2019 do 26 de xuño (BOP nº 124 do 3 de xullo de 2019), de tal xeito que o parágrafo no que di:

1. **Coordinación Xeral Municipal.** *Os artigos 125.1 B h) e 129 do R.O.M. refírense a este órgano facultando á Alcaldía a determinar o seu carácter, competencia e organización, de acordo co establecido neste decreto. Adscrita a Área de Alcaldía, dela dependerá a seguinte estrutura administrativa:*

- *Secretaría Particular.*
- *Departamento de Relacións Públicas e Protocolo.*
- *Prensa.*
- *Servizo de Alcaldía:*
 - *Asistencia para proxectos europeos, programas e estratexias*
 - *Transparencia*
 - *Normalización Lingüística*

2. **Dirección de Asesoría Xurídica.** *Adscrita a Área de Alcaldía, da que dependerá o Servizo de Asesoría Xurídica.*

3. **Dirección de Seguridade Cidadá.** *Adscrita a Área de Alcaldía, da que dependerá a seguinte estrutura administrativa:*



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- *Seguridade Cidadá*
- *Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Protección Civil.*

Substitúse pola seguinte redacción:

1. **Coordinación Xeral Municipal.** Os artigos 125.1 B h) e 129 do R.O.M. refírense a este órgano facultando á Alcaldía a determinar o seu carácter, competencia e organización, de acordo co establecido neste decreto. Adscrita a Área de Alcaldía, dela dependerá a seguinte estrutura administrativa:
 - Secretaría Particular.
 - Departamento de Relacións Públicas e Protocolo.
 - Prensa.
 - Todos os Servizos municipais dependentes da Alcaldía agás a Asesoría Xurídica Municipal.
2. **Dirección de Asesoría Xurídica.** Adscrita a Área de Alcaldía, da que dependerá o Servizo de Asesoría Xurídica.
3. **Dirección de Seguridade Cidadá.** Adscrita a Área de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá, da que dependerá a seguinte estrutura administrativa:
 - Seguridade Cidadá
 - Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
 - Protección Civil.

SEGUNDO.- Modificar o apartado Primeiro do Decreto 3847/2019 do 26 de xuño (BOP nº 124 do 3 de xullo de 2019), de tal xeito que o parágrafo no que di:

8. *Dirección de Área de Innovación, Emprego, Turismo e Comercio, adscrita ás Áreas de Innovación, Industria, Emprego e Consumo e de Turismo, Comercio e Mercados.*

- *Servizo de Emprego e Empresa*

Substitúse pola seguinte redacción:

8. *Dirección de Área de Innovación, Emprego e Comercio, adscrita ás Áreas de Innovación, Industria, Emprego e Consumo e Comercio, Mercados e Barrios.*

- *Servizo de Emprego e Empresa*



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

SEGUNDO.- Dar conta do presente Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación. Publicar o presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia

TERCEIRO.- Quedan revogadas as delegacións conferidas en Decretos anteriores no que se opoñan ou contradigan ás conferidas no presente Decreto.

Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, a 1 de setembro de 2020

Alcaldesa,

Inés Rey García

